

**Disposición transitoria primeira.** *Solicitud de inscricións no rexistro de devolución mensual para 2009.*

Exclusivamente para as inscricións no rexistro de devolución mensual que deban producir efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2009, os prazos xerais de solicitude de inscrición previstos no primeiro e terceiro parágrafo de artigo 30.4 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, estenderanse até o día 30 de xaneiro dese ano.

**Disposición transitoria segunda.** *Inscrición automática no rexistro de devolución mensual.*

Os suxeitos pasivos que se encontraren inscritos no rexistro de exportadores e outros operadores económicos na data de entrada en vigor deste real decreto e reúnan os requisitos establecidos no artigo 30.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, con exclusión do disposto na alínea a) dese precepto, quedarán automaticamente inscritos no novo rexistro de devolución mensual para todos os efectos, salvo que soliciten a baixa deste no prazo establecido na disposición transitoria primeira.

**Disposición derogatoria única.** *Falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios.*

Queda derogado o punto un.10 da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**20957** *REAL DECRETO 2127/2008, do 26 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2009.* («BOE» 314, do 30-12-2008.)

A Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, contén, dentro do seu título IV, os criterios de revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social para o dito exercicio, e prevé a súa revalorización de acordo co índice de inflación previsto.

De acordo coas previsións legais, este real decreto establece unha revalorización xeral das pensións da Seguranza Social, incluído o límite máximo de percepción

de pensións públicas, do 2 por cento, ben que incorporando na revalorización o diferencial da evolución do índice de prezos de consumo (IPC) no ano 2008 (período de novembro de 2007 a novembro de 2008) respecto da revalorización practicada no último exercicio indicado. Ademais, e de acordo co previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, prevese o aboamento aos pensionistas da Seguranza Social e a outros perceptores de prestacións sociais públicas, nun único pagamento e antes de abril de 2009, da diferenza de pensión ou prestación que correspondería de terse revalorizado a súa pensión ou prestación, en 2008, no 2,4 por cento e a cantidade realmente percibida no dito exercicio.

Así mesmo, mediante este real decreto faise uso da autorización contida no punto cinco da disposición adicional décimo segunda da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009, actualizando os valores consignados no título IV e nas disposicións adicionais primeira e segunda daquela, relativos a pensións e a outras prestacións sociais públicas, ao adaptar o seu importe ao incremento real experimentado polo IPC, no período novembro 2007-novembro 2008.

A revalorización das pensións da Seguranza Social nos termos sinalados supón o mantemento do seu poder adquisitivo de conformidade coas previsións do artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada pola Lei 24/1997, do 15 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema da Seguranza Social.

Por outra parte, de conformidade coas previsións legais e atendendo ao compromiso do Goberno de mellorar a contía das pensións mínimas por enriba da revalorización xeral, prevense incrementos que, no que ás prestacións de carácter contributivo se refire, oscilan entre o 7,22 e o 3,40 por cento, segundo os casos.

Así mesmo, actualízase o límite de ingresos compatibles coa condición de beneficiario das asignacións por fillo ou menor acollido a cargo, así como as contías de tales asignacións en favor de fillos discapacitados con 18 ou máis anos, e procédese á mellora das pensións contributivas de menor contía polas continxencias de xubilación, incapacidade permanente e viuvez dos que formen unha unidade familiar unipersonal, en cumprimento das prescricións que ao respecto se conteñen na Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguranza Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPONGO:

TÍTULO I

**Pensións do sistema da Seguranza Social na súa modalidade contributiva**

CAPÍTULO I

**Normas comúns**

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento das previsións contidas, en materia de revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social e doutras prestacións sociais públicas, na Lei 2/2008, do 23 de decem-

bro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, e á actualización dos valores consignados no título IV e nas disposicións adicionais primeira e segunda, adaptando os seus importes ao incremento real experimentado polo IPC no período novembro 2007-novembro 2008.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O establecido neste título será de aplicación ás pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e en favor de familiares do sistema da Seguranza Social na súa modalidade contributiva, sempre que se causasen con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano 2009.

2. As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez rexeranse polas normas específicas contidas nos artigos 8 e 13.

3. Quedan excluídos do disposto no punto 1 os réximes especiais das Forzas Armadas, de funcionarios civís da Administración do Estado e dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza.

## CAPÍTULO II

### Revalorización de pensións non concorrentes

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PENSIONÍS DO SISTEMA

##### *Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais*

#### Artigo 3. *Importe da revalorización.*

1. As pensións comprendidas no punto 1 do artigo anterior, causadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 e non concorrentes con outras, revalorizaranse o 2 por cento.

2. O importe da pensión, unha vez revalorizada, estará limitado á cantidade de 2.441,75 euros, entendendo esta cantidade referida ao importe dunha mensualidade ordinaria, sen prexuízo das pagas extraordinarias que puideren corresponder. O dito límite mensual será obxecto de adecuación naqueles supostos en que o pensionista teña dereito ou non a percibir 14 pagas ao ano, comprendidas nun ou outro caso as pagas extraordinarias, para os efectos de que a contía non supere ou poida alcanzar, respectivamente, 34.184,50 euros, en cómputo anual.

3. As pensións que excedan 2.441,75 euros mensuais non se revalorizarán, salvo o sinalado no punto 2.

4. A revalorización das pensións de grande invalidez efectúase aplicando as regras previstas no punto 1 de maneira separada á pensión e ao incremento.

Para os efectos do límite máximo sinalado no punto 2, computarase unicamente a pensión sen incremento.

#### Artigo 4. *Aplicación da revalorización.*

A revalorización aplicarase ao importe mensual que tivese a pensión de que se trate o 31 de decembro de 2008, excluídos os conceptos que a continuación se enumeran:

a) Os complementos recoñecidos para alcanzar os mínimos establecidos con anterioridade.

b) A recarga de prestacións económicas por falta de medidas de seguranza e hixiene no traballo.

c) As percepcións de rendas temporais por cargas familiares e a indemnización suplementaria para a provisión e renovación de aparellos de próteses e ortopedia, no suposto de pensións do extinguido seguro de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

#### *Subsección 2.<sup>a</sup> Complementos por mínimos*

#### Artigo 5. *Complementos por mínimos das pensións contributivas.*

O importe das pensións non concorrentes, unha vez revalorizadas de acordo co disposto na subsección anterior, complementarase, se é o caso, na contía necesaria para alcanzar as contías mínimas que se reflicten no anexo I.

#### Artigo 6. *Límite de ingresos.*

1. Os complementos por mínimos non teñen carácter consolidable e serán absorbibles con calquera incremento futuro que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico que dean lugar á concorrencia de pensións, que se regula no seguinte capítulo deste real decreto. Neste último suposto, a absorción do complemento por mínimo terá efectos desde o día primeiro do mes seguinte á data da resolución de recoñecemento da nova pensión.

2. Os complementos por mínimos serán incompatibles coa percepción polo pensionista de rendementos íntegros de traballo persoal por conta propia ou allea, e/ou de capital, ou calquera outros rendementos substitutivos daqueles, cando a suma de todas as percepcións mencionadas, excluída a pensión que se vaia complementar, exceda 6.923,90 euros ao ano, salvo nos supostos previstos no punto seguinte.

Para tal efecto tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais, valoradas conforme a lexislación fiscal, así como os rendementos que se poidan deducir do montante económico do patrimonio, aplicando ao seu valor un tipo de xuro do 2,75 por cento, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada polo pensionista e dos bens cuxas rendas fosen computadas.

Para os exclusivos efectos do recoñecemento dos complementos por mínimos das pensións contributivas da Seguranza Social, dos rendementos íntegros percibidos polo pensionista, e computados nos termos establecidos na lexislación fiscal, excluíranse os seguintes:

a) Nos rendementos íntegros procedentes do traballo, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

b) Nos casos de rendementos íntegros procedentes de actividades empresariais, profesionais e agrícolas ou gandeiras, os gastos deducibles, de acordo coa lexislación fiscal.

Os rendementos íntegros do pensionista, computados na forma en que se determina nos parágrafos anteriores, tomaranse no valor percibido no ano 2008, e deberanse excluír os deixados de percibir por motivo do feito causante das respectivas pensións, así como aqueles outros que se probe que non deban ser percibidos no exercicio 2009.

3. Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no punto anterior e os correspondentes á pensión resulte inferior á suma de 6.923,90 euros máis o importe, tamén en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades en que se xera a pensión.

4. Presumirase que concorren os requisitos indicados nos puntos anteriores cando o interesado percibise durante 2008 rendementos, computados na forma sinalada no punto 2, por contía igual ou inferior a 6.761,61 euros. Esta presunción poderase destruír, se é o caso, polas probas obtidas pola Administración directamente ou a través dos propios interesados.

5. Os pensionistas perceptores de complementos por mínimos, que durante o ano 2008 obtivesen rendementos polos conceptos referidos no punto 2 superiores a 6.761,61 euros, deberán presentar declaración que exprese a dita circunstancia antes do día 1 de marzo do 2009.

Sen prexuízo da obriga establecida no parágrafo anterior, para acreditar as rendas e ingresos as entidades xestoras da Seguranza Social poderán en todo momento requiririlles aos perceptores de complementos por mínimos unha declaración destes, así como dos seus bens patrimoniais e, se é o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

6. No mínimo asignado ás pensións de grande invalidez, están comprendidos os dous elementos que integran a pensión a que se refire o artigo 3.4.

7. Cando o complemento por mínimo de pensión se solicite con posterioridade ao recoñecemento daquela, producirá efectos a partir dos tres meses anteriores á data da solicitude, sempre que naquel momento se reunisen todos os requisitos para ter dereito ao mencionado complemento.

#### Artigo 7. *Complementos por mínimos en función das diferentes modalidades de convivencia e dependencia económica.*

1. Considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo I, cando aquel se atope convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Salvo no caso de separación xudicial, presumirase a convivencia sempre que se conserve o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que esa presunción poida ser destruída pola actividade investigadora da Administración.

Así mesmo, entenderase que existe dependencia económica do cónxuxe cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos no dito concepto os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no punto 2 do artigo anterior, resulten inferiores a 8.076,80 euros anuais.

Cando a suma en cómputo anual dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.076,80 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

2. Considerarase que existe cónxuxe non a cargo do titular dunha pensión, para os efectos do recoñecemento das contías mínimas establecidas no anexo I, cando aquel se atope convivindo co pensionista e non dependa economicamente del nos termos previstos no punto anterior.

3. Considerarase que o pensionista constitúe unha unidade económica unipersoal, para os efectos da aplicación do previsto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguranza Social, cando, acreditando dereito a complemento por mínimos en atención aos seus ingresos e patrimonio conforme o disposto no artigo anterior, non se encontre comprendido en ningún dos supostos previstos nos puntos anteriores deste artigo.

4. Os perceptores de complementos por cónxuxe a cargo virán obrigados a declarar, dentro do mes seguinte ao momento en que se produza, calquera variación do seu estado civil que afecte a dita situación, así como calquera cambio na situación de dependencia económica do seu cónxuxe.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo precedente, as entidades xestoras da Seguranza Social poderán solicitar en calquera momento os datos identificativos do cónxuxe, así como declaración dos ingresos que perciban ambos os cónxuxes.

5. A perda do dereito ao complemento por cónxuxe a cargo terá efectos a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cesen as causas que deron lugar ao seu recoñecemento.

6. A omisión por parte dos beneficiarios do cumprimento do disposto no artigo 6.5 e no punto 4 deste artigo será constitutiva de infracción, a teor do disposto na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> PENSÍONS DO EXTINGUIDO SEGURO OBRIGATORIO DE VELLEZ E INVALIDEZ

#### Artigo 8. *Revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

1. A revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes con outras pensións públicas, calquera que for a data do feito causante, consistirá na diferenza entre o importe da pensión o 31 de decembro de 2008 e a contía de 5.156,62 euros, en cómputo anual.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, non se considerarán pensións concorrentes as prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, nin as pensións percibidas polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que for a lexislación aplicable, as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo, nin o subsidio de axuda por terceira persoa, previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

2. A revalorización establecida no punto anterior non ten carácter consolidable.

### CAPÍTULO III

#### Concurrencia de pensións

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> NORMAS COMÚNS

#### Artigo 9. *Concurrencia de pensións.*

1. Para os efectos do establecido neste título, entenderase que existe concurrencia de pensións cando un mesmo beneficiario teña recoñecida ou se lle recoñeza máis dunha pensión a cargo dalgunha das seguintes entidades e organismos:

a) As aboadas polo réxime de clases pasivas do Estado e, en xeral, as aboadas con cargo a créditos da sección 07 do orzamento de gastos do Estado.

b) As aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguranza Social, as da modalidade non contributiva da Seguranza Social, as prestacións económicas por ancianidade e incapacidade a favor dos españois residentes no exterior e as pensións asistenciais por ancianidade para españois de orixe retornados.

c) As aboadas polos fondos especiais da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, do Instituto Social das Forzas Armadas e da Mutualidade Xeral Xudicial ou polas propias mutualidades citadas, así como as aboadas polo Fondo Especial do Instituto Nacional da Seguranza Social.

d) As aboadas polos sistemas ou réximes de previsión das comunidades autónomas e das corporacións locais e polos propios entes.

e) As aboadas polas mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social que se financien en todo ou en parte con recursos públicos.

f) As aboadas por empresas ou sociedades con participación maioritaria, directa ou indirecta, no seu capital do Estado, das comunidades autónomas ou das corporacións locais ou dos organismos autónomos dun e outras, ben directamente ou mediante a subscripción da correspondente póliza de seguro cunha institución distinta, calquera que for a natureza xurídica desta ou ben polas mutualidades ou entidades de previsión daquelas, nas cales as achegas directas dos causantes da pensión se complementen con recursos públicos, incluídos os da propia empresa ou sociedade.

g) As aboadas pola Administración do Estado ou polas comunidades autónomas en virtude da Lei do 21 de xullo de 1960 e do Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, así como os subsidios económicos de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, previstos na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

h) Calquera outras non enumeradas nos parágrafos anteriores que se aboan total ou parcialmente con cargo a recursos públicos.

2. Non obstante, como excepción do previsto no punto 1 anterior, non terán a consideración de pensións públicas nin, por tanto, se computarán para efectos da limitación do sinalamento inicial ou da fixación da contía máxima de percepción das pensións públicas, as aboadas a través de plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo, incluídos os formalizados por mutualidades de previsión social empresarial, promovidos polas administracións, organismos, entidades e empresas a que se refire a disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, e nos termos nela expresados.

## SECCIÓN 2.<sup>a</sup> REVALORIZACIÓN APLICABLE A PENSÍONS DO SISTEMA DA SEGURANZA SOCIAL

### Subsección 1.<sup>a</sup> Normas xerais

#### Artigo 10. *Revalorización das pensións concorrentes do sistema da Seguranza Social.*

1. As pensións concorrentes do sistema da Seguranza Social revalorizaranse aplicando a cada unha delas o previsto no artigo 3.1, sen que a suma das pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, poida ser superior á contía indicada no punto 2 do dito artigo.

2. Se, como consecuencia da aplicación do tope máximo a que se refire o artigo 3.2, se debe minorar a contía do incremento que se asigne en concepto de revalorización, o exceso que se deba absorber distribuirase proporcionalmente entre as contías que por revalorización corresponderían a cada unha das pensións de non existir o referido tope.

3. Cando concorran pensións revalorizables e non revalorizables do sistema da Seguranza Social cuxa suma de importes en 2008, unha vez aplicada a desviación do IPC, ascendía a 2.393,87 euros mensuais, recalcularanse, desde o seu recoñecemento inicial, as revalorizacións

teóricas das pensións revalorizables para garantir, se é o caso, o límite máximo establecido no artigo 3.2.

#### Artigo 11. *Revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social concorrentes con outras pensións públicas.*

Cando un titular teña recoñecidas unha ou varias pensións do sistema da Seguranza Social en concorrencia con unha ou máis pensións das mencionadas no artigo 9, a revalorización das pensións da Seguranza Social efectuarase conforme o disposto nos puntos seguintes:

1. Se a suma das pensións concorrentes non alcanza o límite máximo establecido no artigo 3.2, o importe da revalorización da pensión ou pensións da Seguranza Social determinarase aplicando o disposto no artigo anterior.

Non obstante, non se terán en conta, para efectos da revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social, os complementos de pensión outorgados aos traballadores en virtude de convenio colectivo ou regulamento interior que, como consecuencia de reestruturación de cadro de persoal ou causa similar, anticipen a idade de xubilación, obtendo a pensión con aplicación do coeficiente redutor da porcentaxe daquela; iso sen prexuízo de que se teñan en conta para efectos da aplicación do límite máximo de 2.441,75 euros mensuais.

Cando a pensión allea ao sistema da Seguranza Social en virtude da súa normativa específica non experimentase revalorización, a pensión da Seguranza Social revalorizarase na porcentaxe sinalada no artigo 3.1.

2. Se a suma das pensións públicas percibidas polo titular, unha vez revalorizadas, alcanza o límite máximo sinalado no artigo 3.2, aplicaranse as regras seguintes:

Primeira.—Cando todas as pensións públicas percibidas polo titular sexan revalorizables, terase en conta o seguinte:

a) Determinarase un límite máximo anual para o importe dos pagamentos que se deban facer en relación coa pensión da Seguranza Social. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa contía de 34.184,50 euros anuais íntegros a mesma proporción que a pensión da Seguranza Social garda en relación co conxunto de todas as pensións concorrentes que correspondan ao mesmo titular.

O dito límite «L» obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 34.184,50 \text{ euros anuais}$$

Sendo «P» o valor íntegro teórico anual alcanzado o 31 de decembro de 2008 da pensión a cargo da Seguranza Social, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro, en termos anuais, das restantes pensións concorrentes do mesmo titular.

b) Obtido o dito límite, a Seguranza Social soamente aboará en concepto de revalorización da pensión ao seu cargo as cantidades debidas en canto non excedan aquel. Noutro caso, deberá proceder á absorción do exceso sobre o dito límite, en proporción á contía de cada unha das pensións concorrentes e á do exceso habido na pensión da Seguranza Social.

Segunda.—Cando as pensións alleas ao sistema da Seguranza Social, en virtude da súa normativa específica, non sexan revalorizables, a pensión da Seguranza Social revalorizarase na porcentaxe sinalada no artigo 10 ou, no

seu defecto, na cantidade necesaria para que o importe conxunto de todas as pensións percibidas polo titular, unha vez revalorizadas as da Seguranza Social, non supere o límite máximo que se sinala no artigo 3.2, aplicando, se é o caso, o previsto no artigo 10.3.

3. Para efectos de determinar o límite establecido no punto 2 deste artigo, cando entre as pensións concorrentes coincidan dúas ou máis da Seguranza Social, consideraranse estas como unha soa pensión pola aplicación previa do disposto no punto anterior.

4. Cando a suma das pensións concorrentes supere a cantidade de 34.184,50 euros, en cómputo anual, as da Seguranza Social non serán obxecto de revalorización.

5. Cando, con ocasión de recoñecementos iniciais, haxa que aplicar o límite máximo a que se refire este artigo, entenderase que as pensións concorrentes se causaron simultaneamente cando sexa a mesma a data de efectos económicos das pensións, con independencia do momento en que se diten as resolucións ou actos de recoñecemento.

### *Subsección 2.<sup>a</sup> Complementos por mínimos*

**Artigo 12.** *Aplicación dos complementos por mínimos nos supostos de concorrencia de pensións.*

1. Nos supostos de concorrencia de pensións, a aplicación dos complementos por mínimos a que se refiren os artigos 5 a 7 levarase a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) Soamente se recoñecerá complemento por mínimo se a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas as da Seguranza Social de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación, resulta inferior ao mínimo que corresponda a aquela das do sistema da Seguranza Social que o teña sinalado en maior contía, en cómputo anual. O dito complemento consistirá na cantidade necesaria para alcanzar a referida contía mínima.

b) O complemento que corresponda de acordo co disposto na norma anterior afectarase á pensión concorrente determinante da citada contía mínima.

2. Para os únicos efectos de garantía de complementos por mínimos, equipararanse a ingresos ou rendementos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do acordo celebrado entre España e o Reino Unido o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

### **SECCIÓN 3.<sup>a</sup> PENSÍONS DO EXTINGUIDO SEGURO OBRIGATORIO DE VELLEZ E INVALIDEZ**

**Artigo 13.** *Revalorización das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez en concorrencia con outras pensións.*

1. Non se revalorizarán as pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que concorran con calquera outra pensión das mencionadas no artigo 9, excepto coas prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, coa pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que for a lexislación reguladora, co subsidio de axuda por terceira persoa previsto na Lei 13/1982,

do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e coas pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, cando a suma de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do citado seguro obrigatorio de vellez e invalidez, calculada unha e outra en cómputo anual, sexa inferior a 5.156,62 euros, a pensión do mencionado seguro revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante. Esta diferenza non ten carácter consolidable, sendo absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

3. Con independencia do establecido nos puntos precedentes, o importe das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez tomarase en conta para os únicos efectos da suma das pensións concorrentes a que se refire o artigo 10.1.

4. Nos supostos de concorrencia de pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguranza Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, o importe daquelas pensións será o que se determina no artigo 8.1, parágrafo primeiro, sen prexuízo da aplicación do límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. No caso de se superar o dito límite, o aludido importe minorarase na contía necesaria para non superalo.

Non obstante o anterior, nestes supostos de concorrencia, se os interesados tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, aplicaranse as normas xerais sobre revalorización contidas nos puntos anteriores, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao límite mencionado no parágrafo anterior.

## **CAPÍTULO IV**

### **Pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais**

**Artigo 14.** *Revalorización das pensións recoñecidas en aplicación de normas internacionais.*

1. A revalorización de pensións que fosen recoñecidas en virtude de normas internacionais das que estean a cargo da Seguranza Social un tanto por cento da súa contía teórica levarase a cabo aplicando o dito tanto por cento ao incremento que correspondería de encontrarse a cargo da Seguranza Social española o 100 por cen da citada pensión.

No importe da contía teórica a que se refire o parágrafo anterior non se considerará incluído o complemento por mínimo que, se é o caso, puider corresponder, salvo que se dispoña outra cousa nun convenio bilateral ou multilateral.

2. Á pensión rateada, unha vez revalorizada conforme o disposto no punto anterior, engadiráselle, cando proceda en aplicación das normas xerais establecidas, o complemento por mínimos que corresponda. O dito complemento calcularase aplicando a porcentaxe tida en conta no punto 1 á diferenza que exista entre a contía que correspondería de encontrarse a cargo da Seguranza Social española o 100 por cento da pensión e o mínimo que poida corresponder por aplicación das normas xerais.

3. Se, despois de ter aplicado o disposto no punto anterior, a suma dos importes das pensións recoñecidas

ao abeiro dun convenio bilateral de Seguranza Social, tanto pola lexislación española como pola estranxeira, for inferior ao importe mínimo da pensión de que se trate vixente en cada momento en España, garantiráselle ao beneficiario, en tanto resida en territorio nacional, a diferenza entre a suma das pensións recoñecidas, española e estranxeira, e o referido importe mínimo de acordo coas normas xerais establecidas para a súa concesión.

Para a aplicación deste punto 3 e do artigo 50 do Regulamento (CEE) n.º 1408/1971 do Consello, do 14 de xuño de 1971, relativo á aplicación dos réximes de Seguranza Social aos traballadores por conta allea, aos traballadores por conta propia e ás súas familias que se desprazan dentro da Comunidade, as contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez terán a consideración de importes mínimos.

4. Para efectos do establecido nos artigos 5 a 7, as prestacións percibidas con cargo a unha entidade estranxeira serán consideradas ingresos ou rendementos de traballo, salvo para a aplicación do punto 3 deste mesmo artigo ou que nun convenio bilateral ou multilateral se dispoña outra cosa.

5. Para proceder ao cálculo do complemento que, se é o caso, se deba recoñecer ao beneficiario, o importe da pensión estranxeira considerarase en euros. O tipo de troco que se aplicará será o establecido para o 1 de xaneiro de 2009 ou para a data que corresponda en función daquela en que se cause o dereito ao citado complemento durante 2009. A fixación do dito troco farase de acordo coas disposicións dadas para a aplicación dos regulamentos comunitarios e dos convenios bilaterais.

## CAPÍTULO V

### Normas de aplicación

#### SECCIÓN 1.ª FINANCIAMENTO

Artigo 15. *Financiamento da revalorización das pensións.*

1. A revalorización das pensións establecida neste título financiarase con cargo aos recursos xerais do sistema da Seguranza Social, de acordo coas dotacións orzamentarias correspondentes.

2. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguranza Social participarán no custo da revalorización, incluídos os complementos por mínimos, das pensións de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, mediante as achegas que fixe o Ministerio de Traballo e Inmigración, de acordo co establecido no artigo 76 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, e normas concordantes.

#### SECCIÓN 2.ª XESTIÓN

Artigo 16. *Recoñecemento do dereito á revalorización.*

O Instituto Nacional da Seguranza Social e o Instituto Social da Mariña, no ámbito das súas respectivas competencias, procederán de oficio ao recoñecemento do dereito á revalorización establecida nos artigos anteriores.

As entidades e organismos a que se refire o artigo 9 estarán obrigados a facilitar cantos datos se consideren precisos para poder efectuar a revalorización e, en especial, deberán especificar se as prestacións por eles outorgadas son ou non revalorizables, de acordo coa normativa aplicable a estas, ou se están constituídas polos complementos a que se refire o artigo 11.1, parágrafo segundo, así como o número de pagas con que se percibe a pensión.

## TÍTULO II

### Pensións da Seguranza Social na súa modalidade non contributiva

Artigo 17. *Revalorización das pensións da Seguranza Social na súa modalidade non contributiva.*

1. Para o ano 2009, a contía das pensións de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, queda fixada en 4.708,62 euros íntegros anuais.

2. A contía das pensións da Seguranza Social por xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, que se recoñecesen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2009 ou se poidan recoñecer a partir da dita data, queda fixada en 4.708,62 euros íntegros anuais.

Disposición adicional primeira. *Mantemento do poder adquisitivo das pensións da Seguranza Social e doutras prestacións sociais públicas no exercicio 2009.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, os pensionistas da Seguranza Social que a continuación se enumeran recibirán, antes do 1 de abril do ano 2009 e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre o importe da pensión percibida durante o exercicio 2008 e o que correspondería de terse revalorizado a pensión no dito exercicio no 2,4 por cento:

a) Pensionistas cuxas pensións se causasen con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008 e que fosen obxecto de revalorización no dito exercicio, excepto as que se recollen no punto 3 desta disposición adicional.

b) Pensionistas cuxas pensións se causasen en 2008 e estivesen limitadas, no seu importe, á cantidade de 2.384,51 euros mensuais.

2. Para o cálculo do pagamento único a que se refire o punto anterior tomaranse, como importes no exercicio 2008 das prestacións contidas no anexo II, as contías que nel se reflicten.

3. De acordo co disposto na disposición adicional décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, os perceptores, durante o ano 2008, das prestacións que a continuación se enumeran recibirán, antes do 1 de abril de 2009, e nun único pagamento, unha cantidade equivalente á diferenza entre a prestación percibida no ano 2008 e a que correspondería de aumentar a contía realmente percibida no dito exercicio co incremento real experimentado polo IPC no período novembro de 2007-novembro de 2008, unha vez deducido daquela un 2 por cento:

a) Pensións mínimas.

b) Pensións non contributivas.

c) Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguranza Social, tendo en conta, neste último caso, a actualización da contía do límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

d) Prestacións da Seguranza Social por fillo a cargo con 18 ou máis anos de idade e un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

e) Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte.

Disposición adicional segunda. *Revalorización das pensións derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.*

Para a revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social por incapacidade permanente ou morte e supervivencia, derivadas de accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, teranse en conta o seguinte:

a) O importe anual da pensión dividirase por 14, e o cociente resultante considerárase como importe mensual da pensión para efectos de aplicar a revalorización xeral a que se refire o artigo 3.

b) Para a determinación dos complementos por mínimos establecidos nos artigos 5 a 7, procederase na mesma forma indicada no parágrafo precedente, ben que partindo da pensión xa revalorizada conforme dispón este. Cando o cociente obtido for inferior á contía mínima establecida para as pensións da súa clase, a diferenza constituirá o complemento por mínimo.

c) O aumento que resulte da aplicación do disposto na alínea a) e, se é o caso, na b) desta disposición incrementarase ao importe de cada mensualidade da pensión, salvo as correspondentes a xuño e novembro, nas cales o dito incremento será dobre.

Disposición adicional terceira. *Aplicación dos complementos por mínimos en supostos especiais.*

1. Os complementos por mínimos establecidos nos artigos 5 a 7 serán tamén de aplicación ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2009.

2. As contías fixas do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, a que se refire o artigo 8, son igualmente aplicables, de acordo co establecido nel, ás pensións causadas a partir do 1 de xaneiro de 2009.

3. Os pensionistas que o 31 de decembro de 2008 foren menores de sesenta ou sesenta e cinco anos de idade, pasarán a percibir, se é o caso, as contías establecidas para os que teñan cumprida a dita idade nos artigos mencionados nos puntos anteriores, a partir do día 1 do mes seguinte a aquel en que cumpran os sesenta ou sesenta e cinco anos, respectivamente.

4. Naqueles réximes do sistema da Seguranza Social que teñan previstos coeficientes redutores da idade de xubilación en función da actividade realizada, a idade de 65 anos, para efectos de determinación do dereito aos complementos por mínimos previstos neste real decreto, entenderase cumprida cando, por aplicación dos ditos coeficientes, resulte unha idade igual ou superior á de 65 anos, sempre que os beneficiarios cumpran os demais requisitos exixidos.

Igual norma se aplicará nos supostos da xubilación especial aos 64 anos prevista no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo.

Disposición adicional cuarta. *Revalorización das pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.*

As pensións extraordinarias da Seguranza Social orixinadas por actos de terrorismo, previstas no Real decreto 1576/1990, do 7 de decembro, serán revalorizadas nos mesmos termos e condicións que os previstos no capítulo II do título I deste real decreto, non estando suxeitas, en ningún caso e de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, aos límites previstos con carácter xeral. Así mesmo, tampouco se computarán os importes das ditas pensións para os efectos da aplicación dos mencionados límites nos supostos de concorrencia nun mesmo titular doutras pensións públicas.

Disposición adicional quinta. *Rectificación dos actos de revalorización.*

Os actos das entidades ou organismos a quen corresponda o recoñecemento das revalorizacións de pensión, que foren ditados en aplicación deste real decreto, poderán ser rectificadas de oficio nos casos de erros materiais ou de feito ou cando se constaten omisións ou inexactitudes nas declaracións do beneficiario, seguindo para tal efecto os procedementos e cos requisitos establecidos no ordenamento xurídico.

Disposición adicional sexta. *Prestacións familiares da Seguranza Social.*

Conforme o disposto nas disposicións adicionais primeira e décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, a partir do 1 de xaneiro do dito exercicio económico a contía das prestacións familiares da Seguranza Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a estas, regulados na sección segunda do capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, serán os seguintes:

1. A contía da asignación económica establecida no artigo 182 bis.1 será en cómputo anual de 500 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade inferior a 3 anos, e de 291 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña unha idade comprendida entre os 3 e 18 anos de idade.

2. As contías da asignación establecidas no artigo 182 bis.2 para os casos en que o fillo ou menor acollido a cargo teña a condición de discapacitado, serán:

a) 1.000 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.

b) 4.035,96 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.

c) 6.054,00 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

3. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 186.1 será de 1.000 euros.

4. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 188 ter será de 2.500 euros.

5. O límite de ingresos a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 11.264,01 euros anuais.

O límite de ingresos a que se refire o segundo parágrafo do artigo 182.1.c) queda fixado en 16.953,05 euros anuais, incrementándose en 2.745,93 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Disposición adicional sétima. *Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte.*

A partir do 1 de xaneiro de 2009, o subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte, regulado pola Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, queda fixado en 57,50 euros ao mes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar as disposicións necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos, respecto

á revalorización das pensións, así como dos importes das asignacións económicas por fillo a cargo e do subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte, desde o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES

## ANEXO I

### Sistema da Seguraza Social

*Cadro de contías mínimas das pensións da modalidade contributiva para o ano 2009*

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<b>Xubilación:</b>			
Titular con sesenta e cinco anos	9.746,66	7.861,70	7.651,70
Titular menor de sesenta e cinco anos	9.122,82	7.339,92	7.129,92
<b>Incapacidade permanente:</b>			
Grande invalidez	14.620,06	11.792,62	11.477,62
Absoluta	9.746,66	7.861,70	7.651,70
Total: titular con sesenta e cinco anos	9.746,66	7.861,70	7.651,70
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	9.122,82	7.339,92	7.129,92
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos	5.014,80	5.014,80	4.804,80
<b>Parcial do réxime de accidentes de traballo:</b>			
Titular con sesenta e cinco anos	9.746,66	7.861,70	7.651,70
<b>Viuvez:</b>			
Titular con cargas familiares	–	9.122,82	–
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	–	7.861,70	–
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos	–	7.339,92	–
Titular con menos de sesenta anos	–	5.899,74	–

Clase de pensión	Euros/ano
<b>Orfandade:</b>	
Por beneficiario	2.461,48
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100	4.847,22
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 5.899,74 euros/ano distribuídos, se é o caso, entre os beneficiarios.	
<b>En favor de familiares:</b>	
Por beneficiario	2.461,48
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
Un só beneficiario con sesenta e cinco anos	5.954,90
Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos	5.607,00
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.438,26 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

## ANEXO II

### Sistema da Seguraza Social

*Importes de determinadas pensións e prestacións da Seguraza Social en 2008, para efectos da aplicación da disposición adicional primeira*

Clase de pensión	Titulares	
	Con cónxuxe a cargo – euros/ano	Sen cónxuxe a cargo – euros/ano
<b>Xubilación:</b>		
Titular con sesenta e cinco anos	9.258,76	7.428,82
Titular menor de sesenta e cinco anos	8.653,12	6.922,16
<b>Incapacidade permanente:</b>		
Grande invalidez	13.888,14	11.143,30
Absoluta	9.258,76	7.428,82



Clase de pensión	Titulares	
	Con cónxuxe a cargo euros/ano	Sen cónxuxe a cargo euros/ano
Total: titular con sesenta e cinco anos .....	9.258,76	7.428,82
Total: «Cualificada» con idade entre sesenta e sesenta e catro anos .	8.653,12	6.922,16
Parcial do réxime de accidentes de traballo: .....		
Titular con sesenta e cinco anos .	9.258,76	7.428,82
Viuvez:		
Titular con cargas familiares . . . .	-	8.653,12
Titular con sesenta e cinco anos ou discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100 .....	-	7.428,82
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos .....	-	6.922,16
Titular con menos de sesenta anos .....	-	5.523,98
Orfandade:		
Por beneficiario .....	-	2.389,66
Por beneficiario menor de dezaioito anos cunha discapacidade igual ou superior ao 65 por 100 .....	-	4.705,96
Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 5.523,98 euros/ano distribuídos, se é o caso, entre os beneficiarios. . . .		
En favor de familiares:		
Por beneficiario .....	-	2.389,66

Clase de pensión	Titulares	
	Con cónxuxe a cargo euros/ano	Sen cónxuxe a cargo euros/ano
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:		
Un só beneficiario, con sesenta e cinco anos .....	-	5.781,44
Un só beneficiario, menor de sesenta e cinco anos .....	-	5.443,62
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un incrementarase no importe que resulte de ratear 3.277,68 euros/ano entre o número de beneficiarios.		

Límite de pensión pública: 33.514,18 euros/ano.

Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non concorrentes así como concorrentes con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguranza Social ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez: 5.006,40 euros/ano.

Pensións da Seguranza Social na súa modalidade non contributiva: 4.616,22 euros/ano.

Prestacións por fillo a cargo maior de 18 anos discapacitado:

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por 100: 3.956,76 euros/ano.

Cun grao de discapacidade igual ou superior ao 75 por 100 e necesitado do concurso doutra persoa para a realización dos actos esenciais da vida: 5.935,20 euros/ano.

Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte: 676,44 euros/ano.